

6 // proPostas

Existir na escravitude

Poesía Versos utópicos coa cidade de
Nova Orleáns como pano de fondo

A rrimar o adxectivo “poscolonial” á poesía de Mario Regueira pode resultar tentador, pero nestes días iso sería case unha declaración de racismo e autoodio, tan groseiro como imaxinar un señor comodamente sentado nun contexto harmónico e confortábel, buscando a inspiración en ensoñacións moi exóticas (Nova Orleáns, Haití, Dahomey) e, para o noso gozo, falando de amor. De calquera dos xeitos, admitámolo: somos escravos.

Blues da Crecente, segundo poemario do autor de *Tanxerina* (2006), levou o XII Premio de Poesía Johán Carballera e foi publicado sete anos despois da marea negra do Prestige, catro anos despois do furacán Katrina e pouco antes da explosión da plataforma petroleira que alcanzou Louisiana. Tanta concorrencia quere abrir as portas de entrada a esta utopía compartida desde as marxes da subxectividade, en convocatoria extensa. Ao longo da obra, en tres partes –“N.O”, “Estricnina”, “N.O (Trens cara ao Sur)”– comparecen e toman ou ofrecen a palabra diferentes vo-

Blues da crecente ·
Mario Regueira ·
Espiral Maior, 2009 ·
50 páx · 12 euros



ces, como Marie –a raíña do vudú de Nova Orleáns, Marie Laveau, ao fondo deste personaxe–, Amanda, Paul, ou Robert Johnson (o músico de blues que vendeu a alma ao diabo). Non se abandona, porén, o discurso á intercesión do monólogo dramático, senón que se modula en cortes épicos, líricos e autorreflexivos, chamando pola revolución desde dentro e cara a fóra, no pasado (“o pasado que nos quitaron xunto co orgullo/ou as bibliotecas”) e no futuro dos desherdados: “Coidémonos dos deuses dos outros, do disfrace/que se apegaña á pel até cortala, da fraqueza do meu sangue/estancado nas pozas de pedra da catedral.” Fálase de revolta cando se fala de amor, como se evidencia na primeira parte do libro, pois o diálogo entre tres personaxes ten a virtude



Nova Orleans inundado tralo Katrina // Arquivo

de lle volver chamar ás cousas polo nome; así, recoñecerse escravo non é exaltación nin Historia, senón sangue oleoso nas dedas, sangue entre as pernas, río que crece, palloza e unllas de gato. Sucede. “Matarédevos dentro de min/e o meu corpo ficará tirado/en calquera cuneta.”

Sáibase que fóra do libro, a obra segue a crecer. Como nunha perfecta metáfora do que podería significar a cultura libre, o autor ceiba no blogue bluesdacrecente.blogaliza.org “unha visión máis” deste

poemario, a súa. En realidade, coa inserción de imaxes, música, indagacións sobre personaxes e deliciosas impresións do proceso creativo, converte en proxecto multimedial o que nun inicio foi clasificado como libro de poemas, até o punto de rachar definitivamente cos xéneros e ofrecer, se se quixer ler dese xeito, transición entre o verso, o documental e a narración. O resultado é espléndido.

Toda escrita, se non o é, debera ser utópica. E esta éo en tanto que

logra darlle as costas ás vías de sentido único e entender o tempo coma un puzzle de cristais rotos, disposto para as mans de quen asuma a responsabilidade de non deixar pechar as propias feridas e permanecer á espreita, coa “media lúa das anaiñas/imitando o arco do machado”, porque “son os vencedores os que narran as historias,/o que non se sabe/é que o forte tamén escribe os códigos de honra/para ser sempre un guerreiro digno.” // **María López Suárez**